

Resolución de 25 de abril de 2025 pola que se convocan axudas de mobilidade dentro do Programa Erasmus+ para o estudantado de grao e máster oficial da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a realización de prácticas en países do programa durante o período estival do curso 2024-25 e o curso académico 2025-26.

A USC convoca axudas de mobilidade para o período estival do curso 2024-25 e o curso académico 2025-26 ao abeiro do Programa Erasmus+ para a realización dun período de formación práctica en empresas, institutos de investigación, laboratorios, organizacións, institucións ou calquera outro lugar de traballo pertinente nalgún país do programa Erasmus+.

Esta convocatoria vai dirixida ao estudantado de programas oficiais de grao ou máster da USC e está suxeita á normativa do programa establecida polo Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), ao Regulamento de Intercambios Interuniversitarios da USC, aprobado por Resolución reitoral de 15 de novembro de 2012 (DOG de 28 de novembro de 2012), e ás seguintes bases reguladoras:

PRIMEIRA: Obxecto, finalidade e condicións

1.1 O obxecto da presente convocatoria é establecer as bases reguladoras do proceso de concesión de axudas de mobilidade destinadas ao estudantado de grao e máster oficial da USC ao abeiro do programa Erasmus+ para realizar prácticas en países do programa durante o período estival do curso 2024-25 e o curso académico 2025-26 (desde 15 de xullo de 2025 a 31 de xullo de 2026).

1.2 A finalidade das axudas é ofrecer ao estudantado da USC a posibilidade de realizar prácticas formativas en países europeos do programa Erasmus+ co obxectivo de promover a empregabilidade, a inclusión social, o compromiso cívico, a innovación e a sustentabilidade medioambiental, así como preparalo mellor para o mundo laboral.

1.3 A mobilidade poderá realizarse en calquera país do programa: países membros da Unión Europea (UE), así como Noruega, Islandia, Liechtenstein, Macedonia do Norte, Turquía ou Serbia.

1.4 A compatibilidade entre a mobilidade Erasmus+ por estudos e prácticas deberá ser consultada expresamente antes da tramitación para a súa análise individual.

1.5 O período de mobilidade deberá ser dun **mínimo de dous meses e un máximo de seis (6)**, dos que só se **financiarán un máximo de catro (4)** meses, excepto para o estudantado con consideración de menos oportunidades (ver base 3.5), cuxo máximo financiado será de seis (6).

1.6 A estadía poderá ter lugar desde o día 15 de xullo de 2025 para as solicitudes realizadas no primeiro prazo, o 1 de xaneiro de 2026 para as realizadas no segundo prazo e o 1 de abril de 2026 para aquelas presentadas no terceiro prazo (ver base 5.1). Poderá considerarse unha data de inicio anterior só se os prazos de resolución permiten a completa tramitación do procedemento. Todas as mobilidades deberán finalizar antes do 31 de xullo de 2026.

SEGUNDA: Requisitos xerais para participar na convocatoria

2.1 Nesta convocatoria poderá participar o estudantado matriculado na USC en estudos oficiais de grao ou máster que vaia ter a mesma consideración durante toda a duración da mobilidade. No caso dos estudos de grao é necesario ter superado, como mínimo, o 50% dos créditos da titulación á data de peche do prazo de solicitudes.

2.2 Así mesmo, poderá participar na convocatoria na modalidade de titulado/a recente o estudantado de grao e mestrado oficial matriculado no último ano da súa titulación que desexa realizar as prácticas unha vez finalizados os estudos (até máximo 12 meses despois de titularse), sempre que a solicitude e a asignación da mobilidade se realicen antes de efectuar o depósito para a obtención do título.

2.3 Queda excluído da convocatoria o estudantado matriculado na USC en virtude doutros convenios ou programas de mobilidade.

2.4 As persoas con nacionalidade distinta da española deberán contar cun Número de Identificación de Estranxeiros (NIE), que lles será requirido pola Oficina de Mobilidade no seu momento.

2.5 O estudantado deberá acreditar antes do fin do prazo de solicitudes o coñecemento de inglés ou doutras linguas estranxeiras indicadas pola entidade de destino, co nivel que esta especifique. O nivel mínimo esixido a todas as persoas solicitantes será o B1 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), que deberá acreditarse segundo os títulos incluídos no Anexo I ou a través das probas de nivel do CLM (parte A do nivel B1 (B1.A), nivel B2 (B2.A) ou C1 (C1.A) ata o peche da convocatoria. Quedan exentos/as deste requisito os/as falantes nativos/as do idioma requirido pola entidade de destino, así como o estudantado das titulacións recollidas na Resolución Reitoral do 02-03-2023 que teñan superadas as materias ou módulos necesarios para que se lles recoñeza o nivel B1, B2, C1 ou C2. Esta Resolución Reitoral está dispoñible en: <https://minerva.usc.es/entities/publication/1cf922e2-aa8a-4bd4-a791-3797d334038ch>.

2.6 O programa Erasmus+ permite realizar máis dunha mobilidade Erasmus+ ao longo de cada ciclo educativo (grao, máster e doutoramento), até un máximo de 24 meses nas titulacións de Medicina, Odontoloxía, Farmacia e Veterinaria e de 12 meses no resto de titulacións impartidas pola USC. Calquera mobilidade previa feita a través do programa Erasmus+, ben sexa por estudos ou por prácticas, computa de cara ao máximo de meses permitido. No caso do estudantado titulado, o cálculo realizarase en relación co ciclo educativo que remata, independentemente de que a persoa solicitante continúe os estudos nun ciclo superior.

TERCEIRA: Axudas

3.1 A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización convoca axudas cun orzamento de 50.000 euros correspondentes ao proxecto Erasmus+ 2024-1-ES01-KA131-HED-000211916 na partida orzamentaria 8052-4910-48000, suxeitos a ampliación en función da dispoñibilidade de fondos.

3.2 A presente convocatoria contará con tres prazos de solicitude e a asignación de fondos total será de 25.000 euros no primeiro prazo, 15.000 euros no segundo e 10.000 euros no terceiro, incorporándose, de ser o caso, o importe non concedido no prazo anterior ao seguinte.

3.3 O programa está financiado con fondos da Comisión Europea e as axudas constitúen unha contribución para cubrir parte dos gastos de viaxe, aloxamento e mantenza, non tendo por obxecto cubrir a totalidade dos gastos ocasionados. As contías para a mobilidade terán dous compoñentes:

- a) Axuda individual, segundo a duración da mobilidade, do país de destino e do cumprimento dos requisitos para que a persoa solicitante sexa considerada dentro da categoría de estudantado con "menos oportunidades" (ver base 3.5).
- b) Axuda de viaxe, segundo a distancia entre o centro de orixe e a entidade de destino.

3.4 A contía de axuda invididual corresponde á cantidade fixa mensual especificada na seguinte taboa por número de meses de mobilidade, ou duración en días proporcional, ata un máximo de catro (4) meses. Este límite non procede para o estudantado de menos oportunidades, que cobrará o importe que corresponda á duración total da estadia que leve a cabo.

Grupo	Países	Financiamento
GRUPO 1	Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Baixos, Suecia	500 euros/mes
GRUPO 2	Chequia, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Grecia, Letonia, Malta, Portugal	450 euros/mes
GRUPO 3	Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, Romanía, Serbia, Turquía	400 euros/mes

3.5 Financiarase unha cantidade adicional **de 250 euros mensuais** á sinalada na táboa para o estudiantado considerado con menos oportunidades, que é aquel que acredite oficialmente que se atopa nalguna das situacións que se establecen polo SEPIE na seguinte ligazón:

http://sepie.es/doc/comunicacion/jornadas/2023/22_marzo/inclusion_ka1_educacion_superior.pdf.

3.6 A contribución para a axuda de viaxe está baseada na distancia entre o centro de orixe e o lugar no que se desenvolva a actividade correspondente, calculada coa ferramenta de medida de distancias da Comisión Europea para a mobilidade Erasmus+: http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm coas correspondencias especificadas na taboa seguinte.

3.7 As persoas beneficiarias que realicen a totalidade da viaxe tanto de incorporación á universidade de acollida como a viaxe de regreso en transporte ecolóxico (é dicir, nun medio de transporte público e colectivo, agás o avión) recibirán unha axuda de viaxe adicional.

Distancia	Viaxe estándar (por participante)	Viaxe ecolóxica
Entre 10 e 99 km	28 €	56 €
Entre 100 e 499 km	211 €	285 €
Entre 500 e 1.999 km	309 €	417 €
Entre 2 000 e 2.999 km	395 €	535 €
Entre 3.000 e 3.999 km	580 €	785 €
Entre 4.000 e 7.999 km	1.188 €	1.188 €
8.000 km ou máis	1.735 €	1.735 €

3.8 De conformidade co estipulado nas normas de financiamento do SEPIE, o abono da axuda realizarase en modalidade de prefinanciamento nun único pagamento ao inicio da estadía segundo o establecido no Convenio de Subvención Erasmus+ asinado entre a USC e a persoa beneficiaria.

3.9 Se a duración da estadía que figura no certificado de fin de estadía emitido pola empresa de acollida ao final da mobilidade é menor á duración prevista, o estudiantado deberá devolver a parte proporcional da axuda económica recibida. Se a duración fose menor de dous meses, a axuda deberá devolverse integramente.

3.10 O estudiantado seleccionado que posúa bolsas ou préstamos de carácter estatal seguirá percibíndoos na súa totalidade durante o período de prácticas no estranxeiro, agás que a convocatoria da bolsa ou do préstamo de que se trate estableza a incompatibilidade. As axudas son compatibles con outras axudas e retribucións que poida pagar a entidade de acollida.

3.11 A USC, como mera entidade colaboradora, non garante a existencia nin determina as contías das axudas recollidas nos parágrafos anteriores. Estas son mencionadas a efectos informativos e, en ningún caso, comprometen legalmente á USC. A USC tampouco será responsable dos posibles danos ocasionados e débedas contraídas polo estudiantado durante o período da súa mobilidade.

3.12 De non resultar beneficiario da axuda, o estudiantado que cumpra os requisitos poderá realizar a estadía de Erasmus+ Prácticas con “bolsa cero”. Esta modalidade implica a consideración como estudante Erasmus+ para todos os efectos, incluído o recoñecemento da actividade realizada, excepto ao da obtención de apoio económico, e obriga ao cumprimento das normas do programa e daquelas establecidas nesta convocatoria. A estadía realizada computará como período Erasmus+ durante o correspondente ciclo de estudos.

CUARTA: Organización de acollida

4.1 A persoa solicitante deberá propoñer unha entidade de acollida da súa elección, radicada nos países indicados na base 1.3 desta convocatoria, e que poderá ser “calquera organización pública ou privada dun país do programa activa no mercado de traballo ou nos ámbitos da educación, a

formación, a xuventude, a investigación e a innovación”.

4.2 Non son admisibles como organizacións de acollida:

- a) Institucións oficiais da UE e outros órganos da UE (a lista completa está dispoñible na seguinte ligazón: https://europa.eu/european-union/about-eu/institutions-bodies_es).
- b) Organizacións que xestionen programas da UE, como as Axencias Nacionais de Erasmus+ (co fin de evitar posibles conflitos de intereses ou dobres financiamentos).

4.3 A título informativo, a OM pon a disposición do estudantado na web USC internacional unha guía asociada á convocatoria Erasmus+ Prácticas para a procura de empresas (<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional/mobilidade-estudantes/erasmus-practicas-saintes/convocatoria-erasmus-practicas-2025-26>).

QUINTA: Solicitudes

5.1 Estableceranse tres prazos de presentación de solicitudes:

- Do 25 de abril (00:00h) ao 25 de maio (23:59h)
- Do 1 de outubro (00:00h) a 1 de novembro (23:59h)
- Do 12 de xaneiro (00:00h) ao 12 de febreiro (23:59h)

5.2 As solicitudes deberán realizarse en liña a través da Secretaría Virtual do estudantado da USC (<https://sec-virtual.usc.es/Secretaria/>). É necesario contar coa documentación **preparada antes de realizar a solicitude**, xa que a aplicación non permite gardar datos para continuar se se pecha o programa.

5.3 Só se admitirá unha solicitude por prazo. A solicitude dunha segunda estadía para unha entidade distinta no segundo prazo estará condicionada á demanda do programa de prácticas, tendo prioridade as candidaturas que non fosen xa beneficiarias dunha mobilidade na mesma convocatoria.

5.4 O estudantado ten a obriga de cargar na solicitude en liña toda a documentación requirida (documentos escaneados en formato PDF, RTF, DOC, DOCX, ODT ou JPG con peso máximo de 1 MB):

- a) Carta ou e-mail de aceptación da empresa ou institución de destino empregando o modelo que se encontra a disposición no Anexo II, que debe incluír tamén o visto e prace da persoa Responsable Académica de Mobilidade (RAM) do Centro, ou do/a Coordinador/a do máster no caso do estudantado deste nivel.
- b) Acreditación do nivel de lingua:
 - i. Certificacións ou títulos que acrediten o coñecemento de linguas estranxeiras.
 - ii. Documento que acredite algunha das circunstancias para os efectos da exención ou exencións pertinentes consonte á base 2.5 desta convocatoria (no caso das exencións por titulacións ou por proba do CLM, subir documento de Word indicando a causa que se alega).
- c) Declaración responsable con relación á previsión de viaxe ecolóxica, aos meses realizados en mobilidade a través do Programa Erasmus+ e as circunstancias alegadas para a consideración de estudante con menos oportunidades, de ser o caso, segundo o modelo correspondente ao Anexo III.
- d) Motivación e plan de traballo (formato libre): este documento ten que ser redactado polo estudantado e pode referirse ben ás motivacións e interese para realizar a mobilidade ou, se se coñecen, ao tipo de actividades que se prevén realizar. En calquera caso, é un documento baremable, polo que debe estar ben fundamentado e expresado.

5.5 Nos casos nos que, por motivos técnicos imputables á USC, non sexa posible realizar a solicitude en prazo a través da Secretaría Virtual, a persoa afectada deberá presentar un escrito no Rexistro Electrónico da USC (<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/rexistroElectronico.htm>) dirixido á Oficina de Mobilidade indicando esta circunstancia. De non presentar este escrito dentro do prazo de solicitude, a candidatura non será admitida ao proceso de selección.

5.6 A presentación de solicitudes supón a aceptación das bases da presente convocatoria.

SEXTA: Admisión de solicitudes e procedemento de selección

6.1 O estudantado que na súa solicitude non achegue a documentación esixida constará como excluído na listaxe provisional de candidaturas admitidas ao proceso de selección. Non obstante, disporá dun prazo de cinco (5) días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe provisional para emendar a súa solicitude achegando os documentos á OM a través do Rexistro Electrónico da USC (<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/rexistroElectronico.htm?execution=e2s1>).

6.2 . Serán excluídas de oficio as candidaturas do estudantado que:

- a) Non presentase en prazo ou forma a súa aceptación ou renuncia formal ou renunciara sen causa xustificada fóra de prazo en anteriores convocatorias de mobilidade da Oficina de Mobilidade no mesmo ciclo de estudos.
- b) Incorrese en incumprimento grave dalgunha das condicións da mobilidade, tanto con respecto á universidade de orixe como á de destino.
- c) Teña realizado unha ou varias mobilidades Erasmus+ de duración total igual ou superior a 22 meses no caso dos graos en Medicina, Odontoloxía, Farmacia e Veterinaria e igual ou superior a 10 meses no resto das titulacións. Nos casos en que o estudantado solicitante estea realizando ou vaia realizar unha mobilidade Erasmus+ no curso académico 2024-2025 ou 2025-26, condicionarase a concesión da nova mobilidade á duración da estadia dese curso.

6.3 Transcorrido o prazo de emenda, publicarase a listaxe definitiva de persoas candidatas admitidas e excluídas xunto co resultado da avaliación por parte da Comisión de Selección. A comisión estará composta pola Vicerreitora de Titulacións e Internacionalización, ou persoa en quen delegue, que actuará como presidenta, pola xefa da OM, ou persoa en quen delegue, e un membro do persoal técnico da OM, que actuará como secretario/a.

6.4 A Comisión de Selección procederá a avaliar as solicitudes admitidas en base ao seguinte baremo, no que se establece un máximo de 100 puntos:

- a) Media do expediente académico con data de 15/04/2025 para as solicitudes do primeiro prazo e 15/11/2025 para as do segundo e terceiro prazo, calculada conforme ao protocolo do SUG ou, no caso de estudantes de máster, media da titulación alegada para o acceso aos estudos de posgrao: (ata 70 puntos).
- b) Competencia lingüística en inglés ou na lingua do país no que se realicen as prácticas (ata 15 puntos): B2 10 puntos; acreditar a nacionalidade do país de destino ou posuír C1 ou superior 15 puntos.
- c) Motivación e plan de traballo: (ata 15 puntos).

SÉTIMA: Asignación das axudas

7.1 Efectuada a valoración das solicitudes, publicarase a listaxe provisoria das axudas concedidas, denegadas e, de ser o caso, unha listaxe de agarda para cubrir as renuncias que se poidan producir, abríndose un prazo de cinco (5) días hábiles dende o día seguinte ao da publicación da listaxe provisoria para presentar alegacións á citada resolución, antes da publicación da listaxe definitiva.

OITAVA: Aceptacións e renuncias

8.1 No prazo de cinco (5) días hábiles a contar a partir do día seguinte á comunicación de asignación, a persoa solicitante deberá manifestar a súa aceptación ou renuncia por escrito, mediante o modelo de aceptación ou renuncia dispoñible no Anexo IV e na web en: <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional/mobilidade-estudiantes/erasmus-practicas-saintes/convocatoria-erasmus-practicas-2025-26>. O devandito documento deberá ser enviado por email a erasmus.practicas@usc.gal, debidamente cuberto e asinado.

8.2 O estudantado que non presente en tempo e forma a súa aceptación ou renuncia por escrito considerárase decaído nos seus dereitos. A renuncia á praza fóra do prazo establecido e sen causa xustificada debidamente acreditada será motivo de exclusión en futuras convocatorias de mobilidade da OM.

8.3 O estudantado que solicite praza para distintos programas de mobilidade no mesmo curso académico só poderá aceptar as prazas se estas son para períodos distintos ou consecutivos. Se os períodos de estadía no estranxeiro coinciden parcialmente, a persoa interesada terá que renunciar en tempo e forma a unha das prazas asignadas.

NOVENA: O Acordo de Formación (Training Agreement)

9.1 Unha vez aceptada a praza de mobilidade, cada estudante deberá concertar coa USC e coa entidade de acollida un Acordo de Formación (*Training Agreement*). O Acordo de Formación inicial e as posibles modificacións do mesmo son a base da actividade a desenvolver e deberá ser aprobado polas persoas competentes na USC e na entidade de acollida. O modelo de Acordo de Formación está dispoñible no Anexo V.

9.2 O Acordo de Formación individualizado para cada estudante constitúe a principal garantía do programa de Erasmus+ Prácticas e obriga ao/a estudante a respectar durante a súa estadía as normas vixentes na entidade de acollida e cumprir cos compromisos adquiridos en canto ao programa acordado. O Acordo debe asinarse antes de comezar o período de prácticas polo/a estudante, a entidade de acollida e a USC.

9.3 No Acordo de Formación debe indicarse o programa de traballo detallado que se levará a cabo, os resultados da aprendizaxe previstos en materia de coñecementos, as competencias e capacidades que deben adquirirse, as disposicións relativas á titorización e a avaliación e ao recoñecemento da actividade.

9.4 O estudantado, co asesoramento do/a Responsable Académico/a de Mobilidade do seu centro ou do/a responsable de prácticas designado/a polo centro, optará por unha das tres modalidades seguintes segundo a duración da actividade, o plan de estudos da súa titulación etc.:

Modalidade	Inclusión de ECTS no Acordo de Formación	Asinante do Acordo de Formación por parte da USC	Matriculación de créditos de prácticas na USC previa á estadía	Recoñecemento
Modalidade 1: Prácticas curriculares	Si (con código e nome da materia)	RAM do Centro	Si	ECTS no expediente da titulación e mención no Suplemento Europeo ao Título (SET)
Modalidade 2: Prácticas extracurriculares (máximo 30 ECTS por curso)	Si	RAM do Centro	Si	ECTS no expediente da titulación e mención no Suplemento Europeo ao Título (SET)

Modalidade 3: Prácticas realizadas despois da obtención do título	Non	Xefatura da OM	Non	Documento de constancia e/ou mención no Europass
---	-----	----------------	-----	--

DÉCIMA: Matrícula e cotización á Seguridade Social

10.1 No caso dos Acordos de Formación das modalidades 1 (prácticas curriculares) e 2 (prácticas extracurriculares), que inclúen créditos ECTS que se recoñecerán logo do período de mobilidade, o estudiantado deberá formalizar matrícula na USC da totalidade dos créditos incluídos no seu Acordo segundo o plan de estudos e as normas de matrícula e de permanencia de aplicación nos programas de mobilidade, así como aboar os prezos públicos que determine o decreto correspondente da Xunta de Galicia e calquera outra norma de aplicación antes de asinar o Convenio de Subvención Erasmus+.

10.2 A cotización do período de prácticas estará suxeita ao disposto no criterio interpretativo 3/2024 da Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social para a aplicación da Disposición Adicional Quincuaxésima Segunda do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.

DECIMOPRIMEIRA: Obrigas do estudiantado seleccionado Antes da estadía:

11.1 Unha vez aceptada a praza de mobilidade, o estudiantado seleccionado deberá preparar a seguinte documentación para a súa presentación na OM:

- O Acordo de Formación (Anexo V) asinado por todas as partes, cunha antelación mínima de 20 días antes do comezo da Mobilidade.
- Comprobante de matrícula dos créditos correspondentes, no caso das modalidades 1 e 2.
- Contratación do seguro da USC para estudantes de intercambio: todo o estudiantado seleccionado para unha mobilidade Erasmus+ terá que subscribir o seguro de accidentes e asistencia en viaxe que determine a USC, independentemente da existencia de requisitos adicionais impostos polas entidades de acollida.

11.2 Unha vez revisada a documentación, a OM comunicará a cada persoa seleccionada o prazo e procedemento para asinar o Convenio de Subvención Erasmus+. Este convenio deberá ser asinado, **en todo caso, antes de que a persoa beneficiaria se incorpore á entidade de acollida.**

Durante a estadía:

11.3 Nun prazo de tres (3) días hábiles desde a incorporación á empresa ou institución, o estudiantado enviará á OM (erasmus.practicas@usc.gal) o Certificado de Chegada (Anexo VI) debidamente asinado pola persoa supervisora na empresa ou institución receptora.

11.4 En caso necesario, o estudiantado disporá dun prazo dun (1) mes logo da súa incorporación á entidade de acollida para realizar modificacións no Acordo de Formación (requiríndose para isto o consentimento expreso de cada unha das partes asinantes) e para comunicalo á OM.

11.5 Ampliación de estadía: As modificacións que impliquen unha ampliación do período da estadía estarán suxeitas á dispoñibilidade de fondos, ou poderán realizarse con “bolsa cero”, sempre dentro dos límites temporais do Programa Erasmus+ e os establecidos por esta convocatoria.

11.6 Antes de finalizar a estadía, o/a estudante solicitará á persoa supervisora na entidade de acollida cubrir e asinar o Certificado de Fin de Estadía (Anexo VII), ademais do informe final da empresa coa avaliación da actividade realizada.

Despois da estadía:

11.7 O estudiantado enviará á OM (erasmus.practicas@usc.gal) o Certificado de Fin de Estadía, o

documento oficial que demostra a súa estadía efectiva na institución de acollida e o período exacto da mesma. Xunto a el deberá presentarse o Informe de Avaliación Final (Anexo VIII) asinado pola institución de acollida, así como a Memoria de Prácticas (Anexo IX) nun prazo máximo de 30 días desde a finalización da estadía.

11.8 O estudiantado ten a obriga de realizar un informe final (*EU Survey*) a través da plataforma que a UE ten habilitada para este propósito. Este informe é obrigatorio e debe ser cumprimentado nun prazo máximo de trinta (30) días naturais desde a recepción da invitación por correo electrónico.

11.9 En todo caso a documentación terá que estar entregada antes do día 31 de agosto de 2026. O incumprimento deste apartado obrigará ao estudiantado á devolución total da axuda económica concedida.

DECIMOSEGUNDA: Recoñecemento da formación realizada

12.1 A formación realizada na entidade de acollida será recoñecida academicamente pola USC para as modalidades 1 e 2 sinaladas na base novena, sempre que se acade o nivel requirido e se cumpran as condicións esixidas polas institucións participantes para acadar o pleno recoñecemento.

12.2 As prácticas curriculares serán cualificadas numericamente segundo o recollido no Informe final da empresa e a Memoria de Prácticas realizada polo/a estudante. As prácticas extracurriculares contarán cunha cualificación de Apto/Non apto.

12.3 A proposta de resolución de recoñecemento da formación será elevada pola Unidade de Apoio á Xestión do centro correspondente ao/á decano/a ou director/a para que se emita a correspondente resolución. Esta resolución seralle comunicada á persoa interesada e remitida á UXA correspondente para que proceda á imputación do recoñecemento no expediente académico do/a estudante. A mobilidade de prácticas poderá, así mesmo, constar no Suplemento Europeo ao Título (SET). A proposta de resolución de recoñecemento só é vinculante se reúne os requisitos legais, os da convocatoria, os do Regulamento de Intercambios da USC e os do plan de estudos da titulación que o/a estudante está a cursar.

12.4 As persoas solicitantes da modalidade 3 (titulados/as) poderán solicitar á OM un documento acreditativo da súa estadía de prácticas e/ou a súa inclusión no Documento de mobilidade Europass.

DECIMOTERCEIRA: Réxime xurídico

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela ou Lugo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.3 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso Administrativa.

Con todo, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Reitor

Por delegación de competencias (R.R. do 21/04/2022, DOG do 26/04/2022)
María José López Couso
A Vicerreitora de Titulacións e Internacionalización

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA JOSE LOPEZ COUSO, VICERREITORA DE TITULACIONES E INTERNACIONALIZACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 25/04/2025 14:13:19.

CSV: BEB0-306D-4D19-A321